

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR SECTOR FAMILIAS

Segundo o disposto na [Resolución do 10 de setembro de 2024](#), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral, en virtude das atribucións que lle son conferidas no [Decreto 92/1988, do 28 de abril](#), polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, no sector do profesorado, segundo os seguintes puntos:

1. Segundo o disposto no [Artigo 40 do DECRETO 324/1996, do 26 de xullo](#), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous representantes de familias**, con nomeamento de catro anos.
2. Son electores/as todas/os as/os profesoras/es e incluídos no Censo Electoral dispoñible para consulta no taboleiro de información do centro a partir do día 30 de outubro de 2024. As reclamacións ao referido Censo Electoral realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás 14:00 h do día 6 de novembro de 2024 e entregadas por rexistro.
3. Son elixibles todas/os as/os profesoras/es que presenten a súa candidatura oficial segundo o modelo que atoparán na Secretaría do centro e na páxina web. O prazo de presentación de candidaturas comprende dende o 1 de novembro ata o 8 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos. A documentación entregárase por rexistro.
4. As votacións do sector do profesorado celebraranse o luns **día 18 de novembro de 2024, dende as 16:30 ata ás 20:30**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público ás 16:00 h.
5. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo dun/dunha candidato/a, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante o Documento Nacional de Identidade ou documento análogo. O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admite voto por correo.
6. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público. Unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral.
7. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Vigo, a 30 de outubro de 2024

A Xunta Electoral